

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 / 2017



UNIVERSIDAD  DE EXTREMADURA
**U
EX**

2017

Revista científica de carácter anual sobre estudios portugueses y lusófonos, promovida por el Área de Filologías Gallega y Portuguesa (UEx) en colaboración con la SEEPLU.
<http://www.revistalimite.es>

CONSEJO DE REDACCIÓN

Director - Juan M. Carrasco González - direccion@revistalimite.es

Secretaría - María Luísa Leal / M^a Jesús Fernández García secretaria@revistalimite.es

VOCALES

Carmen M^a Comino Fernández de Cañete (Universidad de Extremadura)

Christine Zurbach (Universidade de Évora)

Julie M. Dahl (University of Wisconsin-Madison)

Luisa Trias Folch (Universidad de Granada)

M^a da Conceição Vaz Serra Pontes Cabrita (Universidad de Extremadura)

Iolanda Ogando (Universidad de Extremadura)

Salah J. Khan (Universidad de Extremadura)

Teresa Araújo (Universidade de Lisboa)

Teresa Nascimento (Universidade da Madeira)

COMITÉ CIENTÍFICO

Ana Luísa Vilela (Universidade de Évora)

Ana Maria Martinho (Universidade Nova de Lisboa)

António Apolinário Lourenço (Universidade de Coimbra)

Antonio Sáez Delgado (Universidade de Évora)

Cândido Oliveira Martins (Universidade Católica Portuguesa-Braga)

Cristina Almeida Ribeiro (Universidade de Lisboa)

Dieter Messner (Universität Salzburg)

Gerardo Augusto Lorenzino (Temple University, Philadelphia)

Gilberto Mendonça Teles (Pontifícia Universidade Católica do Rio de Janeiro)

Hélio Alves (Universidade de Évora)

Isabel Leiria (Universidade de Lisboa)

Isabelle Moreels (Universidad de Extremadura)

Ivo Castro (Universidade de Lisboa)

José Augusto Cardoso Bernardes (Universidade de Coimbra)

José Camões (Universidade de Lisboa)

José Muñoz Rivas (Universidad de Extremadura)

Maria Carlota Amaral Paixão Rosa (Universidade Federal do Rio de Janeiro)

M^a Filomena Candeias Gonçalves (Universidade de Évora)

M^a da Graça Sardinha (Universidade da Beira Interior)

M^a Graciete Besse (Université de Paris IV-La Sorbonne)

Maria Helena Araújo Carreira (Université de Paris 8)

Nuno Júdice (Universidade Nova de Lisboa)

Olga García García (Universidad de Extremadura)

Olívia Figueiredo (Universidade do Porto)

Otilia Costa e Sousa (Instituto Politécnico de Lisboa)

Paulo Osório (Universidade da Beira Interior)

Xosé Henrique Costas González (Universidade de Vigo)

Xosé Manuel Dasilva (Universidade de Vigo)

EDICIÓN, SUSCRIPCIÓN E INTERCAMBIO

Servicio de Publicaciones. Universidad de Extremadura

Plz. Caldereros, 2. C.P. 10071 – Cáceres. Tfno. 927 257 041 / Fax: 927 257 046

<http://www.unex.es/publicaciones> – e-mail: publicac@unex.es

© Universidad de Extremadura y los autores. Todos los derechos reservados.

© Ilustración de la portada: Miguel Alba. Todos los derechos reservados.

Depósito legal: CC-973-09 . I.S.S.N.: 1888-4067

Limite

Revista de Estudios Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017

Lingüística Histórica

Coord. Juan M. Carrasco González

Raquel Alonso Parada



Bases de datos y sistemas de categorización donde está incluida la revista:

ISOC y DICE (Consejo Superior de Investigaciones Científicas), Dialnet, Latindex, CIRC (Clasificación Integrada de Revistas Científicas).



Juan M. Carrasco González, director de la revista, tiene el placer de anunciar que *Limite. Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía* ha sido aceptada para su indexación en el Emerging Sources Citation Index, la nueva edición de Web of Science. Los contenidos de este índice están siendo evaluados por Thomson Reuters para su inclusión en Science Citation Index Expanded™, Social Sciences Citation Index®, y Arts & Humanities Citation Index®. Web of Science se diferencia de otras bases de datos por la calidad y solidez del contenido que proporciona a los investigadores, autores, editores e instituciones. La inclusión de (Revista) en el Emerging Sources Citation Index pone de manifiesto la dedicación que estamos llevando a cabo para proporcionar a nuestra comunidad científica con los contenidos disponibles más importantes e influyentes

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Número 11.2 – 2017 - *Lingüística Histórica*

SUMARIO / SUMÁRIO

Lingüística Histórica

- Juan M. Carrasco González y Raquel Alonso Parada** – Introducción:
Lingüística Histórica 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro e Pedro Madruga. Dúas
tentativas de unión entre Galicia e Portugal na baixa Idade Media 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo sobre la *Peregrinatio*
Egeriae: Deixis del género literario y sentido de la epístola 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Sobre algunhas concomitancias luso-galaicas
do “Vocabulario de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira,
&c.” (1728) de Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – As variedades vianesa e frieiresa-
portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – Os actuais subsistemas de
sibilantes nas falas do val do río Ellas ou de Xálima e as
dificultades para a súa normativización conxunta 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Adaptaciones fílmicas de los textos de
Fernando Pessoa: clave de lectura para *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Entre as margens e o centro: Fialho de
Almeida, um retrato (im)possível 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Recordando a Fialho de Almeida,
cuentista y polemista en su 160 aniversario 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the
Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me*
como foi 195-214

Reseñas /recensões

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela
Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de
Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*,
Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa /
Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos*.
Propostas para todos quantos trabalham com adultos em 223-225

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016.	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Normas de publicación / Normas de publicação	237-242

Limite

Revista de Estudos Portugueses y de la Lusofonía

Vol. 11.2 – 2017 - *Historical Linguistics*

SUMMARY

Historical Linguistics

- Juan M. Carrasco González & Raquel Alonso Parada** – Introduction: Historical Linguistics 9-11
- Anselmo López Carreira** – Inés de Castro and Pedro Madruga. Two Attempts at Union between Galicia and Portugal in the Late Middle Ages 13-33
- Francisco Javier Tovar Paz** – Valerio del Bierzo on the *Peregrinatio Egeriae*: Deixis and Literary Genre and Meaning of the Epistle 35-55
- Ramón Mariño Paz** – Reflections on Luso-Galician Concomitances in “Vocabulário de Palavras e Modos de Falar do Minho, e Beira, &c.” (1728) by Raphael Bluteau 57-77
- Concepción Álvarez Pousa** – Eastern Galician Varieties from Viana and from As Frieiras-As Portelas and Their Similarities with Portuguese 79-109
- Xosé Henrique Costas González** – The Current Subsystems of Sibilant Sounds in the Dialects of the Ellas or Xalima Valley and the Difficulties of a Unified Writing 111-132

Varia

- Angélica García-Manso** – Film Adaptations of texts by Fernando Pessoa: reading keys for *Filme do Desassossego* 135-153
- Isabel Cristina Mateus** –Between the Margins and the Center: Fialho de Almeida, an (Im)possible Portrait 155-172
- Miguel Ángel Buil Pueyo** – Remembering Fialho de Almeida, Portuguese Story Teller and Polemicist on his 160th Anniversary 173-193
- Julie M. Dahl** – Portuguese Memories Made in Spain: How the Spanish Television Series *Cuéntame cómo pasó* became *Conta-me como foi* 195-214

Reviews

- Raquel Alonso Parada** – Ramón Mariño Paz & Xavier Varela Barreiro, *A lingua galega no solpor medieval*. Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, 2016 217-219
- Tânia Regina Teixeira Monteiro** - Hermínia Malcata, *Hoje em Dia*, Lisboa, LIDEL, 2016 220-222
- Iolanda Ogando González** - Fernando Albuquerque Costa / Elisabete Cruz, *Atividades para Inclusão Digital de Adultos. Propostas para todos quantos trabalham com adultos em*

<i>contextos formais, não formais ou informais</i> , Lisboa, Instituto de Educação, Universidade de Lisboa, 2016	223-225
Xosé Manuel Dasilva - Luís de Camões, <i>Os Lusíadas</i> , Sevilla, Editorial Renacimiento, 2016	226-229
M^a Jesús Fernández García – Carlos Taibo, <i>Comprender Portugal</i> , Madrid, La Catarata, 2015	229-235
Standards of Publication	237-242

Lingüística Histórica

Linguística Histórica

Coord. Juan M. Carrasco González
Raquel Alonso Parada

As variedades vianesa e frieiresa-portelá do galego oriental e as súas afinidades co portugués

Concepción Álvarez Pousa

Arquivo do Galego Oral do Instituto da Lingua Galega
Universidade de Santiago de Compostela
alvarezpousa@yahoo.es

Data de recepción do artigo: 14-06-2017

Data de aceptación do artigo: 10-11-2017

Resumo

Os obxectivos principais deste artigo son dar a coñecer dúas variedades lingüísticas ourensás, a da Terra de Viana do Bolo e a das Frieiras, na marxe sudoriental galega, e a zamorana das Portelas e establecer as súas similitudes co portugués. Logo dun primeiro achegamento a este territorio e á rexión trasmontana arraiana, afondarase nos diferentes estudos lingüísticos das devanditas variedades e perfilarase a caracterización lingüística do galego sudoriental. Asemade, tratarase sobre a conciencia lingüística dos falantes destes puntos. Verbo dos resultados conclúese que as variedades ourensás mencionadas comparten riscos dialectais coa variedade zamorana das Portelas e, que á súa vez as tres variedades presentan riscos comúns co portugués padrón e co portugués trasmontano en eidos como a fonética e a morfosintaxe.

Palabras chave: Variedade vianesa – variedade frieiresa-portelá – galego oriental – galego e portugués

Abstract

The aim of this paper is to make known two linguistic varieties of Ourense: one of them from the Land of Viana do Bolo and As Frieiras, in the southeast fringes of Galicia and the other one from As Portelas, in Zamora, establishing similarities with the Portuguese language. After a first approach to this territory and the trasmontane border region, we will go to examine carefully different linguistic studies of the varieties, and we will define the linguistic characteristics of the

Southeastern Galician. At the same time, we talk about the speakers' linguistic knowledge of these areas. The results show us that the mentioned ourensás varieties share dialectical features with the variety of As Portelas and all of them have common features with standard and transmontane Portuguese language, in phonetics and morphosyntax fields.

Key-words: Galician variety from Viana – Galician variety from As Frieiras-As Portelas – Eastern Galician variety – Galician and Portuguese

1. Introducción

O obxectivo deste traballo é presentar tres variedades lingüísticas do galego oriental: dúas ourensás, a vianesa da Terra de Viana do Bolo e a frieiresa dos concellos da Gudiña e da Mezquita; e unha zamorana, a portelá dos concellos que estremen co SO de Ourense, con trazos comúns e á vez diferenciais entre eles. Asemade, analizaranse afinidades lingüísticas destas variedades co portugués estándar e coa variedade trasmontana arraiana.

Esta área de estudo trátase dunha zona de contacto entre galego, leonés e portugués de inmenso interese para a dialectoloxía, como mostrou Fritz Krüger no seu clásico artigo “Mezcla de dialectos” (Krüger 1925) e máis recentemente Fred Boller nun detallado estudo cartográfico desa encrucillada lingüística, con algún punto de Viana do Bolo e da Gudiña e varios puntos da Mezquita, de todos os concellos de Zamora de fala galega e do arraiano municipio de Vinhais (Boller 1995 a, 1995 b).

2. Territorio sudoriental do galego e rexión trasmontana arraiana

2.1. A comarca de Viana

A comarca de Viana, cuxa capital é Viana do Bolo, está situada no sueste da provincia de Ourense, entre as comunidades de Galicia e Castela e León. Está formada polos concellos da Gudiña, A Mezquita, Viana do Bolo e Vilariño de Conso, como se pode apreciar na figura 1. Limita ao norte coas terras ourensás de Trives e Valdeorras, ao leste cos concellos galegófonos de Zamora (Porto, Pías, Lubián e Hermisende), ao sur co distrito portugués de Bragança e ao oeste coa Terra de Verín.

A poboación actual é de 6.282 habitantes (IGE, 2016). Estas terras foron sempre a porta de Castela, xa desde antes da guerra civil de 1936, co trasfego de seitureiros, quincalleiros, peneireiros ou tratantes, que foron deixando a súa pegada na cultura local. A agricultura e a gandería van en detrimento do sector servizos e a comercialización da castaña constitúe un factor moi importante para a zona.




Figura 1. A comarca de Viana (Ourense)

Fonte: elaboración propia

2.1.1. Concello de Viana do Bolo

Está situado na parte sudoriental da provincia ourensá. Limita polo norte cos concellos do Bolo e A Veiga, polo oeste co de Vilarinho de Conso, polo sur cos da Gudiña e A Mezquita e polo leste cos concellos zamoranos de Porto e Pías. É o segundo municipio ourensán máis extenso, con 270,4 km², tras o municipio veciño da Veiga con 290,5 km². Conta con 3.040 habitantes (IGE, 2016) distribuídos en 35 parroquias, nun total de 52 aldeas.

Na actualidade o concello de Viana do Bolo ten unha economía centrada principalmente na gandería e na agricultura. Cunha taxa de despoboación importante en diversas aldeas, a vila de Viana emerxe coas principais actividades arredor do sector terciario

dos servizos, seguido do sector secundario da industria e a construción, e por último o sector primario da agricultura. A comercialización da castaña constitúe un factor importante para o pulo da zona. Así mesmo, resultou de especial importancia a minería, hoxe recuperada nalgún punto e do que é boa mostra a antiga explotación aurífera das Médulas, na parroquia de Caldesiños.

O concello está atravesado polo río Bibei, que verte as súas augas desde as terras zamoranas de Porto. Resulta de interese o Entroido, cuxa máscara do boteiro garda certa similitude coas máscaras de Vinhais, en Trás-os-Montes, na denominada “Festa dos rapazes” do Nadal.

2.1.2. As Frieiras

A Terra das Frieiras está situada no sueste da provincia de Ourense. Constitúena os concellos da Gudiña e A Mezquita, cun total de 286,6 km², dos que a maior parte corresponden á Gudiña. Antigamente no termo Frieiras tamén se incluían lugares das Portelas de Zamora (Hermisende, A Teixeira, O Padornelo e Lubián)¹.

Durante séculos foi lugar de paso e parada de arrieiros, segadores, peregrinos e viaxantes; e aínda hoxe constitúe un alto no camiño. Malia que houbo hipóteses que relacionaban o seu nome con terra de freires, prevalece a idea de que o nome fai referencia ao clima frío e ás duras condicións climatolóxicas rexistradas na zona².

Terra de transición e de paso reflicte tamén a imaxe dos peregrinos procedentes de Andalucía e Estremadura que atravesan a Vía da Prata, que entra en Galicia polas Portelas da Canda e do Padornelo.

Por unha banda, A Gudiña sempre estivo ligada ás vías de comunicación, pois por este concello pasan as estradas e as liñas

¹ Segundo Rivas Quintas e Rodríguez Cruz (2002: 15), “polo menos xa dende principios do século XII, no termo *Frieiras* compréndese A Gudiña, A Mezquita, Ermisende, A Teixeira, Padornelo, Lubián, e anexos, formando parte coa terra de *Cabreira*, *Lobarzana*, *Vinhais* (Trás-os-Montes) e *Laza*, da *Dignidade* ourensá de *Baronceli* ou *Varoncelle*. Dura esta xurisdicción deica o Concordato de 1851”.

² O informador nativo da Mezquita (mediados do séc. XIX) para o *Diccionario geográfico-estadístico-histórico* de Madoz, “bo coñecedor da súa terra, di (Madoz s.v.) da Mezquita: ‘clima frío, pero sano’. Exactamente igual ao falar da Gudiña. Así *terra fría* + *terra fría* = *frieiras*, que tal é a definición lingüística” (Rivas Quintas / Rodríguez Cruz 2002: 15-17).

férreas (axiña o cruzará o tren de alta velocidade), que permiten a entrada e saída da Comunidade Galega polo sur. Berce de persoeiros ilustres coma o Beato Sebastián Aparicio (1502-1600), San Francisco Blanco (1570-1597) e Laureano Prieto Rodríguez (1907-1977), mestre, compilador da literatura popular da comarca de Viana, en puntos de Viana do Bolo, A Gudiña e Vilariño de Conso e autor de diversos traballos sobre a lingua e a etnografía deses concellos.

Por outra, A Mezquita ocupa a zona máis oriental da provincia de Ourense, na estrema con Zamora e Portugal, a través da rexión de Trás-os-Montes; do que dá boa conta o fito fronteirizo do “Penedo dos Tres Reinos”, fronteira dos tres antigos reinos de Galicia, León e Portugal e que actualmente demarca os límites de Ourense, Zamora e Portugal. Esta vila comparte a súa vida cotiá coas Terras de Trás-os-Montes, concretamente coa zona de Vinhais a onde asisten a todo tipo de actos. A festividade do Cantar dos Reis é moi celebrada na zona e resultan significativas as parroquias de Cádavos e Chaguazoso pola súa proximidade coa fronteira. Asemade, foi moi importante o contrabando establecido coas terras arraianas en tempos.

2.2. As Portelas zamoranas

Esta bisbarra, situada entre as Portelas da Canda e do Padornelo, está formada polos municipios galegófonos de Porto, Pías, Lubián e Hermisende. A posición de Lubián, que conta con 326 hab. (INE, 2016) convérteo no núcleo reitor da zona.

A comarca ocupa unha extensión total de 447,87 km² e suma unha poboación de 903 hab. (INE, 2016). A Portela da Canda é o punto de unión de Galicia coa Comunidade de Castela e León e desde tempos un dos portos, xunto co do Padornelo, atravesados pola ruta xacobeá coñecida como Camiño de Santiago Sanabrés e a miúdo frecuentado por arrieiros, peregrinos e viaxeiros.

Administrativamente esta comarca xunto cos puntos zamoranos de Requeixo e Calabor, pertenceu a Galicia e estaban incluídos na provincia de Ourense ata 1789, ano no que foron incorporados a Valladolid. En 1822 volveron integrarse en Galicia. Non obstante, en 1833 foron adscritos definitivamente á provincia de Zamora. Tamén coñecida esta zona como “Alta Sanabria” trátase dunha subcomarca dentro da comarca de Senabria ou Seabra.

2.3. A rexión de Trás-os-Montes

Foi unha das seis grandes divisións administrativas en que se organizaba o territorio de Portugal, desde o século XV. Esta división foi coñecida como comarca até o século XVI, pasando, a partir de aí, a ser tratada como provincia. Tradicionalmente o territorio de Trás-os-Montes limita ao norte con Galicia, ao leste con Castela e León, ao oeste co río Tâmega e ao sur co río Douro, límites que variaron algo co tempo. A partir do século XVII, a provincia pasou a estar dividida en varias comarcas e no comezo do século XIX, Trás-os-Montes incluía as comarcas de Bragança, Miranda, Torre de Moncorvo e Vila Real. Coa reforma administrativa de 1835, Portugal pasou a estar separado en distritos para fins estatísticos e de referencia rexional e a provincia de Trás-os-Montes pasou a agrupar os distritos de Bragança e de Vila Real.

Santos no seu traballo sobre os falares fronteiriços (1967: 42-43) sinala que esta zona tivo sempre un contacto moi estreito con Galicia, onde se daban relacións comerciais amplas a un lado e a outro da fronteira. As festas relixiosas sempre foron un atraente entre os raianos e establecéronse relacións sociais moi importantes. Así o recollen tamén González González e Taboada Cid (2002: 13) no seu estudo sobre as afinidades lingüísticas no Couto Mixto e na fronteira de Ourense, onde mencionan que mesmo a moeda circulaba de xeito natural a un lado e outro da fronteira e onde foi de relevancia a consolidación de aldeas “mistas” formadas por galegos e portugueses, que deron lugar a matrimonios deste tipo e, polo tanto, interferencias lingüísticas a un lado e ao outro da fronteira.

3. Estudos das variedades sudorientais e trasmontana

3.1. O vianés

Nun artigo xornalístico que publiquei hai anos (Álvarez Pousa 2005), sinalaba que Laureano Prieto (1907-1977) fora o principal iniciador e estudoso das características do dialecto vianés. Elaborou un amplo estudo sobre o léxico da zona e realizou unha recollida exhaustiva de distinto material etnográfico; e grazas a el conservamos un importante patrimonio lingüístico hoxe sobre esta zona.

A obra *Contos vianeses* (Prieto 1958) é de suma importancia para o estudo da variedade vianesa e do galego oriental ourensán, xa

que a través de mostras de variada temática realiza unha descrición detallada das Terras de Viana, as súas xentes e a súa fala.

Prieto xa dera a coñecer no ano 1948 algúns textos no seu artigo “Cuentos de animales” con achegas sobre a variedade vianesa; o feito de que o autor fose orixinario destas terras é un dato moi valioso pola fidelidade e coñecemento co que entendemos que recolleu a lingua e a tradición oral.

En “Notas en col da fala vianesa” (1973), o autor fai referencia á existencia de formas dialectais do galego, moi diferentes do resto da fala da provincia ourensá: o vianés, o frieirés e o valdeorrés, que actualmente se inclúen na área oriental-central do bloque lingüístico oriental delimitada por Fernández Rei (1990: 147). Prieto (1973: 3) daba uns datos xerais sobre esas tres variedades:

O vianés fálase na mór parte do partido xudicial de Viana do Bolo e nalgúis pobos do partido do Barco de Valdeorras. O freirés³ esténdese polo axuntamento da Mezquita, algúis pobos da Gudiña e dous ou tres lugares do concello de Viana [...]. O valdeorrés fálase, polo menos, en todo o partido Do Barco de Valdeorras, e perce que se estende por León e mais por Lugo [...]

Asemade, neste artigo expoñía pormenorizadamente as características do vianés, seguidas dun amplo vocabulario recollido nas terras de Viana na década de 1930. A finais dos 70, co motivo da homenaxe ao autor de *Contos vianeses* falecido un ano antes, publicouse “Contos de cregos: Terra de Viana do Bolo” (Prieto 1978), recompilación de 34 contos populares non incluídos na obra editada vinte anos antes e que tamén recollen os trazos da variedade vianesa. A figura de Laureano Prieto analízoa nun traballo de reciente publicación (Álvarez Pousa 2018), no que afondo no seu perfil polifacético e na súa traxectoria investigadora. De xeito máis breve tráoa nos artigos xornalísticos “Letras Galegas para Laureano Prieto” (Álvarez Pousa 2016 a) e “Os contos de Laureano Prieto, unha homenaxe ás xentes da Terra de Viana” (Álvarez Pousa 2016 b).

³ O dialecto é o *frieirés*, propio das Frieiras, que neste caso comprende, fundamentalmente, o concello ourensán da Mezquita. Ás veces, por erro aparece a forma *freirés*.

Nun traballo de investigación (Álvarez Pousa 2007) afondaba no que serían as primeiras achegas ao estudo da variedade vianesa, que acompañaba coa transcripción de mostras da zona estudada do concello de Viana do Bolo. Recentemente analicei esa variedade en comunicacións en encontros científicos (Álvarez Pousa 2016 c, 2016 d) e con máis detalle nun artigo (2017).

De igual maneira son de interese os traballos de Uruburu Bidaurrázaga (1992) sobre a sociolingüística en Viana do Bolo e a compilación de fraseoloxía feita por Laureano Prieto e publicada por Ferro Ruibal e Groba Bouza (2009).

3.2. O frieirés

Neste apartado fago referencia aos estudos lingüísticos elaborados sobre a fala da Gudiña e da Mezquita, que serían os que lle dan nome ao frieirés. No tocante á variedade da Gudiña⁴, o principal traballo é a achega léxica de Vázquez Santamaría (1971), seguido da compilación de Rodríguez Cruz (2000). A isto temos que sumar o interesante traballo de Prieto (1949) sobre as adiviñas onde se recollen mostras da variedade gudiñá e da trasmontana.

A variedade da Mezquita é estudada na memoria de licenciatura de Taboada Cid (1971). Anos despois publicou material de interese etnográfico e unhas notas lingüísticas sobre esta mostra do galego sudoriental (Taboada Cid 1978). Posteriormente, González González e Taboada Cid (2002) no seu estudo sobre as afinidades lingüísticas galego-portuguesas na fronteira recollen notas de interese para o estudo do vianés, do frieirés, do portelao e do trasmontano.

Pola súa banda, Rivas Quintas e Rodríguez Cruz (2002) nun estudo antropolóxico sobre a Terra das Frieiras inclúen unhas observacións finais sobre a fala desta zona, á parte de terminoloxía que aparece en diversos apartados desa monografía.

3.3. O portelao (e calabores)⁵

⁴ Unha mostra da fala da Gudiña tamén se pode apreciar na seguinte ligazón:

<https://www.youtube.com/watch?v=kHjz6kU0aS0>

⁵ Sobre o portelao e calabores poden destacarse as seguintes ligazóns: sobre Hermisende (As Portelas) <https://www.youtube.com/watch?v=81dvPsejGol>, tocante ao galego do Bierzo e das Portelas <https://www.youtube.com/watch?v=M4oCLhTocXE> e respecto de Calabor (Pedralba de la Pradería) o documental *Entre Línguas* (2010) <https://www.youtube.com/watch?v=vBiRIKt3g6g> <https://www.youtube.com/watch?v=cZuBU3txXdo>

Despois do relevante traballo de Krüger (1925) sobre a mezcla de dialectos que teñen lugar nesta encrucillada lingüística de Ourense, Zamora e Portugal é moi ampla e enriquecedora a nómina de traballos existentes sobre este territorio. No entanto, por cuestións de espazo vou sinalar aqueles que resultan fundamentais nos diferentes eidos.

Verbo da delimitación xeográfica son de interese os traballos de Krüger (1925) e Vasconcelos (1902, 1929) sobre as falas fronteirizas; os de Fernández Rei (1991, 1993) sobre os límites orientais do galego e os de Seco Orosa (1997, 1998, 2004) sobre o trazado da fronteira en León e Zamora.

No tocante á caracterización lingüística son de importancia os seguintes: Cortés y Vázquez (1954) sobre o dialecto de Lubián; Kundert (1962) sobre Sanabria; Rodríguez Lago (1974) sobre o léxico de Porto; Carracedo Arroyo (1977) sobre a fala de Barxacova (Pías); Fernández Rei (1985) sobre textos de Lubián (e tamén sobre textos eonaviegos e bercianos); os de Boller (1995 a) sobre o contacto lingüístico entre galego, portugués e español, (1995 b) sobre os paradigmas verbais e as interferencias no galego zamorano; Krüger (1947, 1991, 2001) e Krüger / González Ferrero (2011) sobre o sanabrés; Rodríguez Cruz (2007) sobre a fala de Hermisende; Costas González (2011) sobre o portelao e o calaborés (e tamén sobre o eonaviego, galego do Bierzo e valego de Cáceres), (2014) sobre o galego de Seabra, (2017) arredor da microtoponimia galega de Zamora; e Blanco Corrales (2012) sobre a variedade de Porto, o portexo.

En relación á situación social da lingua debemos destacar os estudos de: Rubal / Veiga / Arza (1992) sobre o uso da lingua no alumnado e profesorado das Portelas; Lubián (1992, 1993, 2004, 2005) sobre a identidade e lingua dos portelaos; Vega Ballesteros (1998, 2004) sobre a situación sociolingüística na zona de Sanabria. Parajó Calvo / Costas González (2001) analizaron as posibilidades legais do galego nas Portelas e doutras zonas do galego estremeiro. Ballano Bueno (1990, 1991) estudou o problema da identidade e o papel do galego (o portexo) como marcador diferenciador no

concello zamorano de Porto. Ademais, Pardiñas (2007) mostra no seu documental o que pensa a xente galegófona das Portelas sobre a súa fala; e no de Aveledo / Maragoto / Vila Verde (2010) profúndase na variedade de Calabor (e de falas portuguesas de España e do valego do Val de Xálima).

Por outra parte, tres dos catro concellos galegófonos de Zamora teñen cadanseu punto no *Atlas Lingüístico Galego*, (Z-1 Porto, Z-2 Lubián, e Z-3 Hermisende); e o mesmo ocorre cos catro concellos que integran a comarca de Viana (O-17 Viana do Bolo, O-18 Vilariño de Conso, O-21 A Gudiña e O-24 A Mezquita). O traballo de campo do atlas realizouse a mediados da década de 1970 (*ALGa*, 1990-).

3.4. O trasmontano

Despois dos artigos pioneiros de Vasconcelos “Linguas raianas de Trás-os-Montes” (1885-1886) e “Dialectos trasmontanos” (1890-1892, 1895), aos que ían sumarse máis tarde outros traballos sobre os falares fronteirizos (1902, 1929) e o trasmontano (1985), resulta notoria a mostra de traballos que describen falas desta variedade portuguesa estremeira co galego e co leonés, dos que paso a comentar os fundamentais.

O máis salientable é a monografía de Santos (1967) sobre toda a fronteira de Trás-os-Montes con Ourense e Zamora, con material da fala de 45 localidades trasmontanas, 7 galegas e 5 zamoranas⁶. Trátase dun monumental estudo da situación (socio)lingüística da fronteira portuguesa, cunha excelente descrición lingüística, e non só. Con todo, esa descrición non representa a situación actual porque nos 50 anos transcorridos desde a publicación do traballo de Santos o portugués estándar espallouse en toda a rexión.

A finais do séc. XIX Viana (1887) analizou o falar de Rio Frio (dialecto trasmontano de tipo bragançano); e neste milenio Guimarães (2002) editou a súa tese de doutoramento sobre o falar do Barroso cun estudo fonético e outro léxico no que rexistra 2.575

⁶ Santos (1967: 7) no seu estudo fala de poboacións de León e non de Zamora debido a que se refire a León como rexión histórica e non como provincia. Deste xeito, fai unha división das poboacións que percorreu, portuguesas e españolas onde estarían por unha banda as galegas e por outra, as leonesas nas que se insiren as pertencentes á provincia de Zamora.

vocábulos deste subdialeto trasmontano. Sobre a posición dos falares de Trás-os-Montes no mapa dialectal portugués poden verse as clasificacións clásicas de Boléo *et al.* (1962) e Cintra (1964-1971) e a recente de Przemyslaw (2008).

Ultimamente, Álvarez Pérez (2013) ocupouse da fronteira entre galego e portugués desde a perspectiva portuguesa onde, entre outros temas, trata o galego visto por lingüistas portugueses e os materiais lingüísticos para estudar a banda portuguesa da raia. Con material do *Atlas Lingüístico de la Península Ibérica* recollido na década de 1930, Mouzo Villar e Pérez Capelo (2014) estudaron a fronteira galego-portuguesa para ver a distribución espacial de fenómenos fonéticos, morfosintácticos e tamén variantes léxicas.

4. Caracterización lingüística do galego sudoriental

Atendendo á caracterización dialectal de Fernández Rei (1990: 157) os trazos xerais das falas do galego oriental son os seguintes: uso dos ditongos *ua* (*cuatro, guarda*), *oi* (*moito, coiro*) e *ui* (*muíto, truíta, escuíta*) ou ausencia de ditongo (*mutu* / *mutio, truta* / *trutía, escuta* / *escutía*); formas con *aix* (*baixo, caixa*) fronte a *ax* (*baxo, caxa*) do centro-norte do galego oriental; terminación *-ín* (*camín, padriín*), excepto na zona sur (*camiño, padriño*); plural *is* (*cais, ladrois*; sg. *can, ladrón*) e plural *is* (*animais, caracois*; sg. *animal, caracol*), excepto na área asturiana, que mantén o *-l-*; pretéritos *cantein* e *cantén*, futuros *cantarein* e *cantarén* e SNP *-is* na P5 dos tempos verbais (agás no pretérito): *cantais, cantabais, canteis*...

4.1. O vianés

Cando Prieto (1973: 3) traza as características da fala vianesa, comenta que o vianés se fala “na mór parte do partido xudicial de Viana do Bolo e nalgúis pobos do partido do Barco de Valdeorras”.

Ademais dos devanditos trazos comúns do bloque oriental, o galego de Viana encádrase na área oriental-central, na subárea Valdeorras-Viana e na microsubárea O Bolo-Viana. No tocante á descrición lingüística son diversas as características que poderíamos destacar nos diferentes eidos da fonética, da morfosintaxe e do léxico, que resulta de vital importancia, xa que moitas das formas recollidas por Laureano Prieto seguen vivas.

Os principais trazos fonéticos son os seguintes: alternancia no uso do ditongo *oi / ou* (*noite / noute*); mantemento dos grupos *cua, gua* (*cuatro, guardañ*); palatalización do *a* átono (*ái, áli, báixaban*); terminación *-u* no ditongo *-ío* en substantivos (*friu, riu*); rotacismo ante consoante sonora (*car vacas, cor demais, car grandes; mirmo, cor nenos; or lunes*) e ante consoante xorda fricativa (*ar fontes*); presenza e perda da interdental xorda en posición final (*cruz / cru, luz / lu, rapaz / rapá, vez / ve*); terminación *-ado / -ao* nos substantivos, adxectivos e participios (*ganado / ganao; organizado / organizao; realizado / realizao*) e o uso da variante asilábica [j] da conxunción *-e* en contacto con vogal (*i-outro*).

No eido da morfosintaxe salientan as seguintes características: pl. dos nomes *-l* (*animais / animales*); sg. term. *-á / -ai* do lat. TATE (*verdá / verdaí, pl. verdás / verdais*); artigo indeterminado masc. pl. *unhos / unhes*; o indefinido *algún, ningún* en pl. é *algüis, ningüis* e o fem. é *algunha / algúa, ningunha / ningúa*; contraccións da prep. *con* xunto co pron. persoal e co demostivo (*cuel / cueia; cuesto, cueso*); pronome persoal átono *-o* tras forma verbal rematada en ditongo (*partiuo, deixouo*); formas verbais temáticas: *fais, teís..., fain, teín...*; SNP *-i* na P5 do imperativo (*pasai, comei*); radicais verbais *fic-en, -era...* / *fix-en, -era* e *tragu-er, -emos / tra-er, -emos*; ausencia de artigo: *en casa, en clase*; presenza do teísmo⁷ (Vilaseco da Serra): *Non te direi muito máis; Que te dou!*

Algúñas destas características poden verse neste etnotexto das Médulas de Caldesiños (Viana do Bolo)⁸

I.— As Médulas, era mui rico en ouro porque: hum temos unhas Médulas eiquí neste puèblo que unhas minas que ficèron os mouros, mouros lle chamaban daquela, non sei s'èran mòros se mouros! Mouros èran porque decían o tear da moura que había aí. Buèno, entònces viña unha presa derd'ò: riu de Pías, unha presa de auga pra lava-lo ouro eiquí nas Médulas, viñ'a

⁷ Na maioría das falas galegas existe unha diferenza entre o uso do dativo *che* (*Deiche un regalo*) e o acusativo *te* (*Vinte no cine*). Non obstante, hai falas galegas como as do Baixo Miño pontevedrés e algunhas do leste de Ourense e Zamora onde non existe esa diferenciación e o pronome átono *te* é acusativo e dativo a un tempo. Así, os seus falantes din *Deite un regalo* fronte a *Deiche un regalo* do galego común ou *Doute pan* fronte a *Douche pan*. Este fenómeno coñécese como teísmo.

⁸ Este etnotexto forma parte das mostras orais incluídas no Arquivo do Galego Oral no referente a este concello, dispoñible en (<http://ilg.usc.gal/ago/>).

presa derde Pías, èh! È lavaban o ouro aí nas, nas, nas, nas Mèdulas, que lle chamamos nós as Mèdulas. Nós chamámosl'or Barreiros però son ar Mèdulas i-había aí un sitio que decían que unha moura que tiña aí un tear, tear de ouro! Buscárono non sei, os antepasados, non sei si o encontrarían nin si non, pero è un sitio, que xa viñeron de muior lados a mirar, dicen que claro! O bon que xa o levaron però qu' inda hai ouro, que parèce que, querían explotar eso inda. Ahora ficèron unhos miradores aí preciosos, dous miradores pra mirar todo eso. Tèn vido: xènte importante a mirar, desta xènte que sabe (...)

4.2. O frieirés

Nas súas notas lingüísticas sobre a variedade vianesa Prieto (1973: 3) sinala a zona do frieirés e os lugares onde se fala vianés, así como puntos do concello de Viana con influencia do frieirés:

O frieirés esténdese polo axuntamento da Mezquita, algúis pobos da Gudiña e dous ou tres lugares do axuntamento de Viana. Polo Nascente áchanse as terras do axuntamento da Mezquita, ou terras das Frieirias, onde se fala o frieirés; podéndoos deslindar por istes pobos de fala vianesa, inda: Barxa, Pentas, A Gudiña, A Bouza, Pixeiros, Solveira e Dradelo. Os pobos de Cepedelo e Pradorramisquedo están un pouco infruenciados polo frieirés.

A variedade da Gudiña comparte as características lingüísticas co vianés da área oriental central, microsubárea O Bolo-Viana. Porén, no plano léxico non se dan algunhas das formas propias da variedade vianesa. Na parroquia gudiñá do Tameirón rexístrase teísmo como na zona da Mezquita.

A variedade da Mezquita inclúese na área zamorana, subárea Mezquita-Lubián, microsubárea A Mezquita e presenta as seguintes particularidades: teísmo; pronome átono *lle*; vogal temática *a* nas formas do tema de pretérito da C-I (*cantache, cantamos, cantara*); desinencia *-che* na P2 do pretérito (*cantache, colleche*); desinencia *-stes* na P5 do pretérito (*cantastes, collestes*) con vogal temática *-e* na C-II (Fernández Rei 1990: 146).

4.3. O portelao

É a variante falada nos concellos zamoranos situados entre a Portela da Canda e O Padornelo: Porto, Pías, Lubián e Hermisende,

que xunto co frieirés da Mezquita forman a área zamorana do galego oriental⁹. O lugar de Calabor (Pedralba de la Pradería), situado a tan só 2 km coa raia portuguesa, aínda que non forma parte desta área zamorana tamén é considerado de fala galega dadas as súas características lingüísticas.

Os trazos comúns desta variedade portelá son os seguintes:

Ademais das formas do galego común *noite, despois, dous, outro* danse outras variantes como *noute, despous, dois e oitro*, o que nos fai falar de alternancia nos ditongos *oi, ou*; ausencia de ditongo en palabras como *muto, truta / trutía*, que no galego común son *moito, troita*; terminación en *-iño* en contraste co *-ín* do galego nororiental; plurais do tipo *verdaís, peís*; pronome persoal *nós, vós*, con *o* fechado etimolóxico, fronte ao timbre aberto do galego común; pronome persoal átono *-o* despois de cada forma rematada en ditongo, *haio, seio, partiuo*; vogal temática *i* en formas como *collimos, collistes* (na Mezquita sería como no galego común *collemos e collestes*); ausencia do SNP *-n* na P1 do pretérito: *collí, partí* ou *fíce*, propio tamén da Mezquita.

O portelao posúe fenómenos comúns ás falas ourensás veciñas e ás pontevedresas, que individualizan a área zamorana dentro do bloque oriental. Outros trazos diferenciadores son o pronome *-lle* (ou *le*) para o singular e plural e inexistencia dunha oposición entre *llo* e *llelo*, verbos *ouvir* (*ouvo, ouves, ouvía...*) e *pór* (*pomos, pondes, puña...*)

Pódese separar por unha banda, unha subárea ao norte (a de Porto), cuxa variedade do portexo resulta peculiar pola súa tonalidade e similitude coas falas do Val do Ellas cun uso diferenciado dos pronomes *te* e *che*; perda do *-g* precedido de *i* en formas como *embiu, mías*; palatalización do *a* átono en formas como *câldeiro, casás*; desinencia *-che* na P2 do IP (*cantache, colliche*); desinencia *-stes* na P5 do IP (*cantastes, collistes*) e o uso paragóxico do *-e* nos infinitivos (*chegare*).

Por outra banda, unha subárea ao sur (a de Lubián-Hermisende) coa presenza do teísmo, delimitable en dúas microsubáreas, A Mezquita por un lado e por outro, Lubián-

⁹ Para a caracterización do galego zamorano e as súas subáreas vid. Fernández Rei (1990: 144-147).

Hermisende tendo en conta as isoglosas *lle/le*, *cantache*, *canteste* (s), *collemos*, *collimos*.

En Lubián e Hermisende, o pronome *lle* do galego común é *le*, neste concello existe un sistema de sibilantes sonoras en retroceso, semellante ao da Limia Baixa e zonas trasmontanas veciñas.

Tanto no norte coma no sur, rexístrase a palatalización de *a* átono en Porto e Hermisende e ademais no caso de Hermisende tamén se dá a palatalización do *a* tónico (*acabäron*). En Lubián é propia a terminación *-ou* en formas como *mòu* (*man*) ou *chòu* (*chan*).

Na seguinte imaxe poden apreciarse as áreas oriental-central á que pertencen as variedades de Viana do Bolo e da Gudiña e a área zamorana á que pertencen por unha banda, as variedades da Mezquita que xunto coa de Lubián forman a subárea A Mezquita-Lubián e por outra banda, a subárea de Porto.



Figura 2. Bloques, áreas, subáreas e microsubáreas da lingua galega
Fonte: *Dialectoloxía da lingua galega* (Fernández Rei 1990: 108)

5. Conciencia lingüística e identidade na zona do galego sudoriental e nos arraianos

Nesta encrucillada lingüística con mestura de dialectos é moi importante o que os seus falantes pensan arredor da súa lingua e neste senso, debemos dicir que nas tres variedades estudadas existe a

conciencia de teren unha lingua de seu, diferente da doutros puntos distantes, pero tamén moi próximos. Así, os vianeses recoñecen que teñen un léxico específico que non se di noutros puntos moi achegados como A Gudiña ou A Veiga e no Tameirón (A Gudiña) recoñecen que eles falan diferente aos da Gudiña, aínda que pertencen a este mesmo concello.

E de igual xeito nos diferentes puntos das Portelas, onde recoñecen que teñen palabras de seu e unha maneira de falar distinta entre os catro concellos que forman parte desta denominación¹⁰. Cortés y Vázquez (1954:15) xa recollía a conciencia dos galegónfos das Portelas de seren diferentes dos veciños zamoranos de Seabra:

Aunque todos estos pueblos situados al lado O. de la Portilla de Padornelo oficialmente pertenecen al partido judicial de Puebla de Sanabria, no se consideran en modo alguno sanabreses y tienen una conciencia muy clara de su diferenciación respecto a Sanabria, aunque, eso sí, suelen decir, y así se lo hemos oído en muchas ocasiones: somos castellanos, pero falamus galegu.

Cando en 1975 se fixo en Porto (Zamora) o traballo de campo para este punto do *Atlas Lingüístico Galego*, os investigadores apreciaron o sentimento xeral de seren diferentes e falaren algo diferenciado que denominaban portexo. Anos despois a antropóloga Ballano Bueno (1991: 161) analizaba a identidade da xente de Porto e o papel que xoga o xeito particular de falaren o “galego”:

Outro nivel de identidade é o que desenvolven cara ós seus veciños próximos, sexan galegos ou sanabreses. Fronte a este colectivo, os portexos marcan as súas diferenzas apoiándose nunha identidade local, e salientan como criterios relevantes: a condición administrativa de ter concello propio; tamén se refieren [sic] á súa fala específica, da que se senten especialmente orgullosos porque consideran que é algo moi de seu: “isto que falamos aquí non o fala ninguén máis ca nós”; mesmo suliñan o feito de teren certos costumes que non teñen os demais pobos do arredor. (...)

¿Cal é a identidade máis relevante para os portexos? Non hai dúbida que todas elas son complementarias, debido ás complexas

¹⁰ No meu traballo de campo conto con gravacións dos informantes destas zonas no tocante á opinión sobre a súa lingua.

relacións socioespaciais que se establecen neste hábitat estremeiro.

Felipe Lubián, natural de Lubián, axente normalizador e defensor da lingua e da cultura das Portelas leva anos recoñecendo que son zamoranos, pero que falan en galego como manifesta nesta entrevista¹¹:

ê un galego con toda seguridá diferente ó galego que aora se está normati... normativizando ou normativizando. Sin embargo a min parécese que como falèmos sempre, falou o meu avô, falou o meu pai, eu seguireino falando sempre, e non me impôrta que sea diferente a ese que aparêce nos libros de tèsto; porque a min parécese que o galego nos meus labios, nos meus beizos, sae coma a hêrba nos prados, ê algo natural, è entonces non me teño que avergonzar pra nada do que ê natural.

Ser galegófono nunha “terra de ninguén” tratouno en diversos eventos científicos a través de traballos como “Tristuras e ledicias de nacer en ningures, cousas das Portelas” (Lubián 1992), “Inquietudes galegas da outra Galicia” (Lubián 1993), “A carrixa no castañoiro” (Lubián 2004) ou “Ser zamorano e falar en galego” (Lubián 2005). Máis recentemente Felipe Lubián (2015) manifestaba: “A cultura popular non sabe de raías, nin de mapas, xurde da natureza. A cultura sempre andou, anda e andaré libre polos camiños e polos campos”¹².

Horacio Rodríguez, arraiano de San Ciprián de Hermisende (Zamora), labrego, gaiteiro e compoñedor de máquinas de coser en localidades a unha e outra banda da raia de Zamora con Portugal, verbo da particular situación de vivir nunha estrema entre Galicia e Castela, manifestaba en 1990¹³:

¹¹ Entrevista na TVG reproducida parcialmente en Fernández Rei e Hermida Gulías (2003: 92-93), onde non figura o nome do entrevistado. A gravación e transcripción está dispoñible en <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>. Ao igual que a de San Ciprián de Hermisende que se reproduce despois, este texto forma parte das mostras do galego oriental da área zamorana incluídas nese audiolibro sobre a nosa fala.

¹² Fonte: <http://www.osil.info/a-cultura-popular-non-sabe-de-raias-nin-de-mapas/>

¹³ Entrevista na TVG reproducida parcialmente en Fernández Rei e Hermida Gulías (2003: 101-102), onde non figura o nome do entrevistado. A gravación e transcripción está dispoñible en <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>

Mira, eu vouvos a decir, non teño nada en contra de Castilla; però si muto a favor de Galicia, porque nós a ñosa vida, todas as transaciois de todas estas cousas, facémolas con Galicia: vendas iè compras iè todo eso, ê con Galicia. En cambio, os asuntos de papeleos iè médico iè todas estas cousas temos que o facer con, con Zamòra, Zamòra capital; porque, xa vos digo, pertencemos así. Però eu son partidario de que, si sería partidario, non sei, non renunciar á, á cidadanía, esto, castellana i-àzquirir a gallega; però, sería partidario de que, de que, nos arrimèramos a Galicia, complètamente.

Horacio pasou boa parte da súa vida apañando palabras en lousiñas, que consideraba “mezcla de gallego, portugués, i-àlgunha palabra castellana”. Segundo el, na zona fálase unha mestura lingüística:

Buèno, a min, òcurríuseme a idèa porque, antigamente falaban os ñosos pais, ñosos abuèlos, falaban desa forma ia hoxe nós non facemos máis que mòdifica-las cousas, creo que empeorándoas; porque, eles usaban esas palabras, que eu penso que ê unha mezcla de gallego, portugués, i-àlgunha palabra castellana, porque esto ê unha mezcla. Entonces aquelas palabras que, meus abuèlos, por ekhèmplo, usaban, hoxe xa non as usamos; i-ê unha pena que se perdan, eu penso que ê unha pena que se perdan. Entonces por eso, eu dedícome a, inda temos alguís vèllos no puèblo que, nos apòrtan estas cousas, que nós a metai delas desconocémolas. Entonces dedícome por, vou polos puèblos ou ós vèllos, ós puèblos desta zona que se, que se fala así, iè son os que me infórman; son os que me pòden aportar mutas palabras que eu desconozo.

Horacio, administrativamente zamorano, pero consciente da súa galeguidade lingüística, transmitíalle a súa lingua galega aos seus netos, aínda que non vivían en San Ciprián:

Eu penso que, penso que si hai xente que se desvive, que se, que se preòcupe por estas cousas, que non se perderá; porque, vos vou a decir: eu son partidario de que ós meus nètos, por ekhèmplo, que se le enseñe a falar galego. Teño dous nètos asturianos, però cuando vein aquí enséñole a falar galego.

Santos Raña e Suárez Quintas (2014) analizaron a percepción e actitudes lingüísticas na fronteira con Portugal, mais desde a

perspectiva de falantes arraianos ourensáns de Lobios, Muíños, Calvos de Randín, Baltar, Cualedro, e tamén da Terra de Verín (Monterrei, Oímbra, Verín e Vilardevós), estremeira da comarca de Viana. Son moi interesantes as conclusións, das que saliento a relativa á identidade lingüística, que paga a pena reproducir:

Por regra xeral, os falantes galegos identifícanse como un colectivo lingüístico individualizado e confrontado ao composto polos falantes da beira veciña. Neste sentido, a consciencia sociocultural dos enquisados, ategada de prexuízos en relación aos portugueses, lévaos a identificar que a súa variedade de lingua e a dos veciños lusos son códigos distintos. Aínda así, a capacidade de intelixibilidade mutua entre uns e os outros fai que conciban as dúas variedades de lingua como moi próximas. Isto motiva que, en determinadas ocasións, os enquisados cheguen a establecer identificacións entre a fala doutros veciños galegos próximos a eles e os portugueses (Santos Raña e Suárez Quintas 2014: 110).

Nun breve estudo sobre a freguesía de Beça (concello de Boticas, municipio Vila Real) e as súas poboacións, Moreno Díaz (1990: 116) sinalaba que os portugueses desta zona próxima á fronteira “séntense máis identificados cos galegos ca co resto dos españois (cataláns, bascos...) quizais isto sexa debido á semellanza lingüística, así como á proximidade existente entre Galicia e Portugal”. Con todo, albíscase un certo resquemor polos tópicos atribuídos aos portugueses.

6. Similitudes lingüísticas do galego sudoriental co portugués

Froito do emparentamento das dúas línguas na etapa de esplendor e da súa proximidade son varias as similitudes do galego co portugués. Así, recoñecía Vasconcelos (1902: 133) a súa relación hai un século:

Percorrendo-se as fronteiras portuguesas, tanto a oriental como septentrional, descubrem-se do lado de cá certos fallares que participan dos caracteres hespanhoes ou gallegos, conforme as regiões, do lado de lá outros fallares que participan de caracteres portugueses, ou pertencem mesmo totalmente ao dominio linguístico de Portugal.

Do mesmo xeito e máis recentemente, Raposo *et al.* (2013: 116) reflicte a seguinte información respecto dos dialectos fronteirizos:

A fonteira lingüística entre Portugal e España, que, na generalidade do territorio, coincide com a fronteira política, é interrompida en dúas ou tres pequenas áreas. A razón dessa non coincidencia entre fronteiras política e lingüística é a existencia nessas áreas, de un e de outro lado da fronteira, e por razóns históricas diversas, de enclaves en que se falan dialectos portugueses (ou de orixe galego-portuguesa antiga) en territorio politicamente español e en que se fala, en territorio politicamente portugués, unha lingua (ou dialectos de unha lingua) que non é portugués [...].

Fernández Rei (1990: 24) manifesta que a totalidade das falas galegas e das portuguesas setentrionais presentan trazos comúns, especialmente na fonética (ditongos *ei, ou; ch* [tʃ] africado; inexistencia da labiodental sonora [v]) fronte aos falares centromeridionais portugueses (monotongación de *ei, ou; ch* [ʃ] desafricado; labiodental sonora [v]); e no relativo ao léxico, sostén que o portugués do sur e do leste é innovador fronte ao conservadurismo léxico do noroeste e centro-norte. Así, rexístranse termos como *ordenhar* vs. *moger, mugir* e *amojar; borrego* vs. *cordeiro, anho* ou *maçaroca* vs. *espiga* (de millo), que corresponderían aos galegos *muxir, año* e *cordeiro, espiga* e *mazaroca*.

A variedade vianesa presenta similitudes co portugués padrón no eido da fonética a través de formas como *cuatro* e *quando* (port. *quatro* e *quando*); *muto* / *muíto* e *escutar* / *escuitar* (port. *muíto* e *escutar*); *luta* / *luíta* (port. *luta*). Verbo da alternancia na terminación *-ado* / *-ao* nos substantivos, adxectivos e participios (*ganado* / *ganao*), este tamén é un trazo que Santos (1967: 195) rexistra en falares trasmontanos. No eido da morfosintaxe, a terminación *-ao* / *-á* en formas como *irmao* / *irmá* (port. *irmão* / *irmã*); os plurais en *-n* do tipo *caís* (port. *cães*); plurais en *-l* *animais* / *animales, papeis* / *papeles* (port. *animais, papéis*); o pronome persoal *tu* fronte a *ti* do galego común (port. *tu*); formas verbais en *-is* do SNP da 5ª persoa (*falais, vendeis, partís* fronte a *falais, vendeis, partís* do port.); ausencia do *-n* na P1 do pretérito de *ser, ir* (*fui* / *fuin* / *fun*; port. *fuí*); uso de radicais arcaicos *ficen, ficera* alternando con *fixen, fixera*

(port. *fiz, fizera*) e ausencia de artigo en contrucións do tipo *en casa* (port. *em casa*).

Tamén é compartido o uso do pronome átono *te* (acusativo e dativo) co portugués, característica que só se dá no galego do Baixo Miño pontevedrés, no galego de Zamora e da Mezquita e nalgún punto de Viana do Bolo e da Gudiña. A variedade frieiresa, da zona da Gudiña e A Mezquita, comparte máis trazos co portugués, como son o uso das formas *collí, dixé, partí* sen a desinencia *-n* do galego común¹⁴ (port. *colhi, disse, parti*).

Na variedade zamorana dáse a alternancia nos ditongos *oi / ou*: *dous / dois* (port. *dois*), *pois / pous* e en Hermisende rexístranse pegadas das sibilantes sonoras /z/ de casa e /ʒ/ de gente e a caída do *-g-* intervocálico (*embíu, mías*), fenómeno este propio do portexo das Portelas e do portugués trasmontano.

O uso das formas verbais *ouvo, ouvía, ouva* (v. *ouvir*) é tamén un trazo común desta área, que se reflicte no trasmontano e que contrastaría co portugués común nalgunhas persoas (*ouço / oiço; ouça / oiça...*).

7. Consideracións finais

Nesta encrucillada de dialectos habitan tres variedades lingüísticas comúns ao galego oriental e á vez diferentes entre si, o que é mostra da riqueza lingüística da zona, nun territorio ourensán que á súa vez tamén mira cara a Zamora e Portugal. O vianés e o frieirés comparten características co galego zamorano. Dentro do frieirés teríamos o propio da Gudiña cunha variedade semellante ao vianés, onde resulta curioso o punto do Tameirón que comparte as peculiaridades co galego da Mezquita, xa dentro da área zamorana. Nas Portelas, á outra banda das liñas imaxinarias, os seus habitantes aínda que zamoranos, establecen as súas relacións cotiás cos galegos e esta é a lingua na que se expresan. Este galego sudoriental comparte características lingüísticas co portugués padrón e co portugués trasmontano e socialmente son continuas as relacións

¹⁴ Trato estes aspectos de xeito máis amplo noutro traballo (Álvarez Pousa 2016 d), onde analizo os trazos comúns da variedade vianesa co portugués.

culturais cos veciños dun e doutro lado cara á Terra de Trás-os-Montes onde a lingua tamén flúe libre a unha beira e á outra.

Bibliografía

ALGa (1990-): Constantino García / Antón Santamarina (dirs.), *Atlas lingüístico galego*; investigadores M^a Rosario Álvarez Blanco, Francisco Fernández Rei, Manuel González González, A Coruña / Santiago de Compostela, Fundación Pedro Barrié de la Maza / Instituto da Lingua Galega / Universidade de Santiago de Compostela.

Álvarez Pérez (2013): Xosé Afonso Álvarez Pérez, “A fronteira entre galego e portugués. A perspectiva portuguesa”, in E. Gugenberger / H. Monteagudo / G. Rei-Doval (eds.), *Contacto de linguas, hibridade, cambio: contextos, procesos e consecuencias*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 97-136.

Álvarez Pousa (2005): Concepción Álvarez Pousa, “Breves trazos da fala vianesa”, *Xornal O Sil, Especial Festas de Viana*, p. 10.

Álvarez Pousa (2007): Concepción Álvarez Pousa, *Consideracións sobre a fala do Concello de Viana do Bolo: descrición e textos*, Tralaballo de investigación tutelado (inédito), Universidade de Vigo.

Álvarez Pousa (2016 a): Concepción Álvarez Pousa, “Letras Galegas para Laureano Prieto”, *Xornal O Sil, Especial Letras Galegas*, p. 11.

Álvarez Pousa (2016 b): Concepción Álvarez Pousa, “Os contos de Laureano Prieto, unha homenaxe ás xentes da Terra de Viana”, *Xornal O Sil, Especial Nadal*, p. 60.

Álvarez Pousa (2016 c): Concepción Álvarez Pousa, “Como é a variedade lingüística da Terra de Viana do Bolo?”. Relatorio no *IV Encontro da Mocidade Investigadora*, organizado pola Escola da Doutoramento Internacional (EDI) da Universidade de Santiago de Compostela (Facultade de Ciencias da Comunicación, 9-10 de xuño de 2016). [Publicado o resumo en *IV Encontro da Mocidade Investigadora Libro de resumos, Cursos e Congresos da Universidade de Santiago de Compostela*, n. 228. Santiago de Compostela, Servizo de publicacións e intercambio científico Campus Vida].

- Álvarez Pousa (2016 d): Concepción Álvarez Pousa, "A variedade galega da Terra de Viana do Bolo (Ourense) e as súas afinidades co portugués". Comunicación no *Colóquio comemorativo dos 40 anos do Centro de Linguística da Universidade do Porto*. Faculdade de Letras da Universidade do Porto, 24-25 de novembro de 2016.
- Álvarez Pousa (2017): Concepción Álvarez Pousa, "A variación lingüística galega en textos orais do Concello de Viana do Bolo", in R. Álvarez / E. Moscoso / M. Negro (eds.), *Gallaecia. Estudos de lingüística portuguesa e galega*. Universidade de Santiago de Compostela. ISBN 978-84-16954-41-4, pp. 803-823. Disponible en <http://dx.doi.org/10.15304/cc.2017.1080.46> [último acceso: 12/02/2018]
- Álvarez Pousa (2018): Concepción Álvarez Pousa, "Laureano Prieto, mestre da vida e da cultura popular da Terra vianesa", *A Trabe de Ouro. Revista galega de pensamento crítico*, n. 107, pp. 43-66.
- Aveledo / Maragoto / Vila Verde (2010): João Aveledo / Eduardo Maragoto / Vanessa Vila Verde, *Entre Línguas*, Santiago de Compostela, AGADIC.
- Ballano Bueno (1990): Alicia Ballano Bueno, "O derradeiro concello de Zamora: Porto de Sanabria", in X. A. Fernández de Rota e Monter (dir.), *Lindeiros da Galeguidade*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 97-107.
- Ballano Bueno (1991): Alicia Ballano Bueno, "Nos lindeiros da galeguidade: Porto de Sanabria", in X. M. González Reboredo e X.A. Fernández de Rota (coord.), *Lindeiros da Galeguidade I*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 159-163.
- Blanco Corrales (2012): F. Blanco Corrales, *O palabreiro portexo*. Disponible en <http://www.furmientu.org/08Vocabularios2012/03VocabulariuPortexo.pdf> [último acceso: 15/03/2017].
- Boléo / Silva / Almeida (1962): Manuel Paiva Boléo / Maria Helena Santos Silva / Manuel Lopes de Almeida, "Mapa dos dialectos e falares de Portugal continental", Separata das *Actas do IX*

- Congresso Internacional de Lingüística Románica*, tomo XX (1961), fas. 1-2, Centro de Estudos Filológicos.
- Boller (1995 a): Fred Boller, *Die Issoglossenstaffelung in der galicisch-portugiesisch-spanische kontatzzone und im Lombada-Aliste-Grenzgebiet*. Vol.1: Kommentar zum Regionalsprachatlas: Die diatopische Variation im Dialektraum. Vol.2: Regionalsprachatlas mit Synoptischen Kartenteil, Westensee, Gross Vollstedt.
- Boller (1995 b): Fred Boller, "Paradigmas interferenciais no galego exterior zamorano", *Verba*, n. 22, pp. 33-73.
- Carracedo Arroyo (1977): Eleuterio Carracedo Arroyo, *El habla de Barjacoba (Zamora)*, Memoria de licenciatura (inédita), Universidad de Salamanca.
- Cintra (1964-1971): Luís F. Lindley Cintra, "Nova proposta de classificação dos dialetos galego-portugueses", Lisboa, *Boletim de Filologia*, XIII, 81-116 Centro de Estudos Filológicos. Disponible en <http://cvc.instituto-camoes.pt/hlp/biblioteca/novaproposta.pdf> [último acceso: 20/03/2017].
- Cortés y Vázquez (1954): Luis Cortés y Vázquez, *El dialecto galaico-portugués hablado en Lubián (Zamora)*. (Toponimia, textos y vocabulario), anexo da *Acta Salmanticensis* VI, 3, Salamanca, Universidade.
- Costas González (2011): Xosé-Henrique Costas González, *A lingua galega no Eo-Navia, Bierzo Occidental, As Portelas, Calabor e o Val do Ellas: Historia, breve caracterización e situación sociolingüística actual*. *Cadernos de Lingua*, anexo 8, A Coruña, Real Academia Galega.
- Costas González (2014): Xosé-Henrique Costas González, "O galego de Seabra: o calaborés", in X. M. Gómez Clemente / X. B. Arias Freixedo / G. Gómez Durán (eds.), *Sementar para os que veñan. Homenaxe a Camiño Noia*, Vigo, Universidade de Vigo, pp. 337-358.
- Costas González (2017): "O sufixo *-icho/-a*, caracterizador da microtoponimia galega de Zamora", *Verba*, n. 44, pp. 527-536.
- Fernández Rei (1985): Francisco Fernández Rei, "Textos do Galego exterior: Piantón (A Veiga-Oviedo), Paradaseca do Bierzo

- (León) e Lubián (Zamora). Caracterización lingüística", in *Homenaje a Álvaro Galmés de Fuentes*, vol. I., Oviedo / Madrid, Universidad de Oviedo / Editorial Gredos, pp. 171-197.
- Fernández Rei (1990): Francisco Fernández Rei, *Dialectoloxía da lingua galega*, Vigo, Edicións Xerais.
- Fernández Rei (1991): Francisco Fernández Rei, "Trazos lingüísticos nos límites orientais da galeguidade", in X. M. González Reboredo / X. A. Fernández de Rota (coords.), *Actas do Simposio de Antropoloxía "Lindeiros da Galeguidade I" (5-7 de xullo de 1990. O Cebreiro, A Proba de Navia, Vilafranca)*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 113-128.
- Fernández Rei (1993): Francisco Fernández Rei, "Galego oriental: O Bierzo, As Portelas e O Val de Verín", in X. A. Fernández de Rota / X. A. Fidalgo Santamariña / X. M. González Reboredo (coords.), *Lindeiros da Galeguidade II, Simposio de Antropoloxía*. [Santiago de Compostela], Consello da Cultura Galega, 1993, pp. 97-108.
- Fernández Rei / Hermida Gulías (2003): Francisco Fernández Rei / Carme Hermida Gulías, *A nosa fala. Bloques e áreas lingüísticas do galego*. Santiago de Compostela, Consello da cultura galega, Arquivo Sonoro de Galicia. Dispoñible en <http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php> [último acceso: 08/05/2017].
- Ferro Ruibal / Groba Bouza (2009): Xesús Ferro Ruibal / Fernando Groba Bouza, "Dichos y refranes en dialecto vianés de Laureano Prieto (1951)". *Cadernos de Fraseoloxía Galega*, n. 11, pp. 259-282. Dispoñible en http://www.cirp.es/pub/docs/cfg/cfg11_12.pdf [último acceso: 03/05/2017].
- González González / Taboada Cid (2002): Manuel González González / Manuel Taboada Cid, *Afinidades lingüísticas galego-portuguesas no Couto Mixto e na fronteira de Ourense*, Fundación Premios da Crítica de Galicia.
- Guimarães (2002): Rui Dias Guimarães, *O Falar de Barroso -O Homem e a linguagem. Fonética. Léxico*, Viseu, João Azevedo Editor.

- Krüger (1925): Fritz Krüger, "Mezcla de dialectos", in *Homenaje ofrecido a Menéndez Pidal. Miscelánea de estudios lingüísticos, literarios e históricos*, Madrid, Hernando, vol. 2, pp. 121-166.
- Krüger (1947): Fritz Krüger, *El léxico rural del noroeste Ibérico*. Consejo Superior de Investigaciones Científicas. Patronato Menéndez y Pelayo. Instituto "Antonio de Nebrija", *Revista de Filología española*.
- Krüger (1991): Fritz Krüger, *La cultura popular en Sanabria*, Zamora, IEZ Florián de Ocampo.
- Krüger (2001): Fritz Krüger, *El dialecto de San Ciprián de Sanabria*, Madrid, Fundación Menéndez Pidal.
- Krüger / González Ferrero (2011): Fritz Krüger / Juan Carlos González Ferrero, *Atlas lingüístico de la Sanabria Interior y de la Carballeda-La Requeada*, Zamora, IEZ Florián de Ocampo.
- Kundert (1962): Hans Kundert, "Romancerillo sanabrés", *Revista de dialectología y tradiciones populares*, n. 18, pp. 37-124.
- Lubián (1992): Felipe Lubián, "Tristura e ledicias de nacer en ningures, cousas das Portelas", in *Actas do I Congreso Internacional da Cultura Galega*, Santiago de Compostela, pp. 387-389.
- Lubián (1993): Felipe Lubián, "Inquietudes galegas da outra Galicia", in *Lindeiros da galegidade, II*, in X.A. Fernández de Rota, X.A. Fidalgo Santamariña, X.M. González Reboredo (coord.), Consello da Cultura Galega, pp. 149-153.
- Lubián (2004): Felipe Lubián, "A carrixa no castañoiro", in *A herdanza da lingua: o galego de Asturias, León, Zamora e Cáceres*, A Coruña, Real Academia Galega, pp. 23-28.
- Lubián (2005): Felipe Lubián, "Ser zamorano e falar en galego", *A Trabe de Ouro*, n. 64, pp. 54-56.
- Lubián (2015): Felipe Lubián, "A cultura popular non sabe nin de raias nin de mapas", *Xornal O Sil*. Disponible en <http://www.osil.info/a-cultura-popular-non-sabe-de-raias-nin-de-mapas/> [último acceso: 08/05/2017].
- Moreno Díaz (1990): Eva María Moreno Díaz, "No norte de Portugal: a freguesía de Beça", in X. A. Fernández de Rota e Monter (dir.), *Lindeiros da Galegidade I*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 111-117.

- Mouzo Villar / Pérez Capelo (2014): Rosa Mouzo Villar / Carolina Perez Capelo, "De Vilanova de Arousa a Vilanova de Foz-Côa: a fronteira galego-portuguesa a estudo a partir dos materiais do *ALPI*", in X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.): *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 143-170.
- Parajó / Costas (2001): Margarita Parajó Calvo / Xosé-Henrique Costas González, "Posibilidades legais de equilibrio lingüístico no Bierzo occidental e As Portelas. Breve referencia á Terra Eo-Navia e ó Val do río Ellas", *A Trabe de Ouro*, n. 47, pp. 379-392.
- Pardiñas (2007): Rubén Pardiñas (guión e dirección), *Fronteiras. Un percorrido polos límites xeográficos e culturais de Galicia*, Pasacana Films.
- Prieto (1948): Laureano Prieto Rodríguez, "Cuentos de animales. La Gudiña (Orense)", *Revista de Dialectología y Tradiciones Populares*, IV, pp.123-148.
- Prieto (1949): Laureano Prieto Rodríguez, "As adiviñas na terra da Gudiña (Ourense) e no concelho de Vinhais (Trás-os-Montes)", *Douro Litoral*, 3ª s., VII, Porto, Junta de Provincia do Douro-Litoral, pp. 33-39.
- Prieto (1958): Laureano Prieto Rodríguez, *Contos Vianeses*, Vigo, Galaxia.
- Prieto (1973): Laureano Prieto Rodríguez, "Notas en col da fala vianesa". Separata do Tomo III do *Boletín Auriense*, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, pp. 1-27.
- Prieto (1978): Laureano Prieto Rodríguez, "Contos de cregos: Terra de Viana do Bolo", *Boletín Auriense*, VIII, Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, pp. 13-48.
- Przemyslaw (2008): Dębowski Przemyslaw, "Nota sobre os dialectos de Portugal". Disponible en <https://www.wuj.pl/UserFiles/File/Romanica%20Cracoviensia%202008/3-RC-8-Debowskiak.pdf> [último acceso: 03/05/2017].
- Raposo / Nascimento / Mota / Segura / Mendes (2013): Eduardo Buzaglo Paiva Raposo / Maria Fernanda Bacelar do Nascimento / Maria Antónia Coelho da Mota / Luísa Segura /

- Amália Mendes, *Gramática do português* (vol. I), Lisboa, Fundação Calouste Gulbekian.
- Rivas Quintas / Rodríguez Cruz (2002): Elixio Rivas Quintas / Xosé Rodríguez Cruz, *Terra das Frietas*, Ourense, Deputación Provincial.
- Rodríguez Cruz (2000): Xosé Rodríguez Cruz, *Así falan na Gudiña*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- Rodríguez Cruz (2007): Xosé Rodríguez Cruz, *Cultura e fala popular de San Ciprián de Hermisende*, Ourense, Deputación Provincial de Ourense.
- Rodríguez Lago (1974): Mari Carmen Rodríguez Lago, *Léxico dialectal y costumbres de Porto*, Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.
- Rubal / Veiga / Arza (1992): Xosé Rubal Rodríguez / Daniel Veiga Martínez / Neves Arza Arza, *A lingua do alumnado e profesorado nas franxas occidentais de Asturias, León e Zamora*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega.
- Santos (1967): Maria José de Moura Santos, *Os falares fronteiriços de Trás-os-Montes*, Separata da *Revista portuguesa de filologia*, Vols. XII, tomo II, XIII e XIV. Coimbra, Faculdade de Letras da Universidade de Coimbra, Instituto de Estudos Românicos.
- Santos Raña / Suárez Quintas (2014): Irene Santos Raña / Soraya Suárez Quintas, "Percepción e actitudes lingüísticas na fronteira galego-portuguesa. Unha aproximación á perspectiva ourensá", in X. Sousa / M. Negro Romero / R. Álvarez (eds.), *Lingua e identidade na fronteira galego-portuguesa*, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega, pp. 91-113.
- Seco Orosa (1997): Ana Seco Orosa, *A fronteira lingüística do galego en León e Zamora*, Memoria de licenciatura (parcialmente publicada), Universidade de Santiago de Compostela.
- Seco Orosa (1998): Ana Seco Orosa, "O trazado da fronteira do galego na provincia de León", *Estudios bercianos*, n. 24, pp. 32-47.
- Seco Orosa (2004): Ana Seco Orosa, "O trazado da fronteira oriental do galego en León e Zamora", in R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996 Santiago de Compostela* [organizado

- polo] Instituto da Lingua Galega, vol. IV, Santiago de Compostela: Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 415-463.
- Taboada Cid (1971): Manuel Taboada Cid, *Vocabulario y notas etnográficas de la Mezquita*, Memoria de licenciatura (parcialmente publicada), Universidade de Santiago de Compostela.
- Taboada Cid (1978): Manuel Taboada Cid, "Algunos aspectos de la vida espiritual y material de A Mezquita", *Boletín Auriense*, VIII. Ourense, Museo Arqueolóxico Provincial, pp 107-166.
- Uruburu Bidaurrázaga (1992): Agustín Uruburu Bidaurrázaga, "Sociolingüística en Viana do Bolo (Ourense)", in *Actas del VIII Congreso Nacional de Lingüística Aplicada* [organizado por la] Asociación Española de Lingüística Aplicada, Asociación Española de Lingüística Aplicada, pp. 681-700.
- Vasconcelos (1885-1886): José Leite de Vasconcelos, "Lingoas raianas de Trás-os-Montes", *Revista de Estudos Livres*, vol. III, pp. 374-384.
- Vasconcelos (1890-1892,1895): José Leite de Vasconcelos, "Dialectos trasmontanos", *Revista Lusitana*, vol. II, pp. 97-120, vol. III, pp. 57-72.
- Vasconcelos (1902): José Leite de Vasconcelos, "Linguagens fronteiriças de Portugal e Hespanha", *Revista Lusitana*, vol. VII, pp.133-145.
- Vasconcelos (1929): José Leite de Vasconcelos, *Opúsculos IV*, Coimbra, Imprensa da Universidade. Disponible en <http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/biblioteca-digital-camoes/etnologia-etnografia-tradicoes.html> [último acceso: 03/05/2017].
- Vasconcelos (1985): José Leite de Vasconcelos, *Opúsculos VI*, Coimbra, Imprensa da Universidade. Disponible en <http://cvc.instituto-camoes.pt/conhecer/biblioteca-digital-camoes/etnologia-etnografia-tradicoes.html> [último acceso: 03/05/2017].
- Vázquez Santamaría (1971): María Ester Vázquez Santamaría, *El habla de la Gudiña*, Memoria de licenciatura (inédita), Universidade de Santiago de Compostela.

- Vega Ballesteros (1998): Francisco Vega Ballesteros, "El multilingüismo en Sanabria (Zamora), situación lingüística actual del gallego exterior", *Interlingüística*, n. 7, pp. 253-258.
- Vega Ballesteros (2004): Francisco Vega Ballesteros, "Situación lingüística actual del gallego exterior hablado en la comarca de Sanabria (Zamora). Problemas dialectológicos y sociolingüísticos", in R. Álvarez Blanco / F. Fernández Rei / A. Santamarina (eds.), *A Lingua Galega: Historia e Actualidade. Actas do I Congreso Internacional 16-20 de setembro de 1996 Santiago de Compostela* [organizado polo] Instituto da Lingua Galega, vol. I, Santiago de Compostela, Consello da Cultura Galega / Instituto da Lingua Galega, pp. 579- 604.
- Viana (1887): Aniceto dos Reis Gonçalves Viana, *O falar de Rio Frio (tipo bragançano dos dialectos trasmontanos)*, *Revista Lusitana*, n. 1, pp. 195-220.

10. Webgrafía

- Arquivo do Galego Oral* [último acceso: 08/05/2017]
<http://ilg.usc.gal/ago/>
- Arquivo Sonoro de Galicia*. [último acceso: 08/05/2017]
<http://consellodacultura.gal/arquivos/asg/anosafala.php>
- Ben falado - Como falan na Gudiña*. [último acceso: 08/05/2017]
<https://www.youtube.com/watch?v=khJz6kU0aS0>
- Ben falado - Como falan en Hermisende* [último acceso: 08/05/2017]
<https://www.youtube.com/watch?v=81dvPsjeGol>
- Ben falado - O galego do Bierzo e das Portelas* [último acceso: 08/05/2017]
<https://www.youtube.com/watch?v=M4oCLhTocXE>
- Ben falado- Entre Línguas* [último acceso: 08/05/2017]
<https://www.youtube.com/watch?v=cZuBU3txXdo>
- <https://www.youtube.com/watch?v=vBiRIKt3g6g>
- Instituto Galego de Estatística* [último acceso: 08/05/2017]
<http://www.ige.eu/>
- Instituto Nacional de Estadística* [último acceso: 08/05/2017]
<http://www.ine.es>
- Xornal O Sil* [último acceso: 08/05/2017] <http://www.osil.info>